



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

NA LEMBRANZA AO FILLO ADOPTIVO E MEDALLA TERRA DE XALLAS, NA CATEGORÍA DE OURO, DON JULIO CÉSAR CAMARGO BARCELLOS,

FAISE PÚBLICO O DECRETO DO ALCALDE:

Para manifestar o sentimento de solidariedade por mor do pasamento de don *Julio César Camargo Barcellos*, o alcalde, en nome da Corporación municipal, ten a vontade de facer pública a súa dor e a de toda a cidadanía de Santa Comba.

Don *Julio César Camargo Barcellos*, como director de Administración Xeral da Cámara Municipal de Río de Xaneiro (Brasil), foi un dos artífices e promotores do pacto de irmandade entre a Cámara Municipal de Río de Xaneiro (Brasil) e o Concello de Santa Comba, que ten como o obxectivo manter as cordiais relacións de amizade, unión e fraterna irmandade para o progreso, desenvolvemento e benestar dos dous pobos unidos e mutuos desexos de convivencia.

A Corporación municipal, por unanimidade, en sesión extraordinaria do 5 de xuño de 1999, acordou conferir o nomeamento de ***Fillo Adoptivo de Santa Comba*** e a medalla ***TERRA DE XALLAS***.

Don *Julio César Camargo Barcellos* foi un dos mellores embaixadores do noso pobo xalleiro.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO**:

- 1 Declarar o loito oficial desde as 00:00 horas do 2 de maio ata as 23:59 horas do 4 de maio de 2021.
- 2 Durante eses días ondearán a media hasta as bandeiras en todos os centros e edificios públicos municipais.
- 3 Mostrar a condolencia e a solidariedade deste concello e o de todos os veciños de Santa Comba á familia.
- 4 Trasladar esta condolencia e a solidariedade por tal pasamento á Cámara Municipal de Río de Xaneiro (Brasil).
- 5 Organizar un acto público de homenaxe tan pronto as condicións sanitarias o permitan.



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

CONVOCATORIA

Esta alcaldía convida a toda a veciñanza de Santa Comba, da bisbarra de Xallas, a todos as persoas que gozan do privilexio de ser nomeados Medalla Pedro Ernesto da Cámara Municipal do Río de Xaneiro (Brasil), a aquelas persoas que dun ou outro xeito teñan relación co Río Xaneiro, en especial co noso fillo adoptivo, *Julio César Camargo Barcellos*, o consideren, para manifestar as nosas condolencias e a solidariedade coa familia así como coa Cámara Municipal de Río de Xaneiro (Brasil)

Data: 3 de maio de 2021

Lugar: Na Casa da Concello

Hora: 12:00 horas (doce da mañá)

Acto: Un minuto de silencio na honra de don *Julio César Camargo Barcellos*, como **Fillo Adoptivo de Santa Comba** e medalla **Terra de Xallas**, na categoría de ouro.

Respectaranse en todo momento as normas e recomendacións sanitarias vixentes.

Santa Comba, 30 de abril de 2021

O alcalde

David Barbeira García